



RECOMENDACIÓNS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS COMPARTIDOS

COVID-19

- Incremento das medidas de **hixiene persoal do/s ocupante/s**:
 - . Lavado de mans frecuente.
 - . Evita tocarte os ollos, nariz e boca.
 - . Ao tusir ou esberrar cúbrete a boca e nariz co cóbado flexionado.
 - . Usa pañuelos desbotables e refúgaos despois de usalos.
 - . Lémbrese que o ocupante viaxará na parte de atrás e en diagonal co conductor.
- **Ventilación**. Incrementar a ventilación e a frecuencia das renovacións do aire interior do vehículo.
 - . Ventilar o vehículo despois de cada servizo abrindo portas e ventás.
 - . Dado que os filtros dos climatizadores dos turismos non están deseñados para reter ou filtrar virus, recoméndase non poñer o climatizador e ter as fiestras total ou parcialmente abertas.
- Reforzo nas medidas de **limpeza das superficies**, prestando especial atención a aquelas que se tocan con maior frecuencia como manillas de apertura interior e exterior das portas, apoiabrazos, volante, panca de cambios, panel interior das portas, eleválúas, parte interior das ventás, mecanismos de pechadura e apertura dos cintos de seguridade, cintos de seguridade, zona traseira dos respaldos dos asentos dianteiros, etc.
 - . Con carácter xeral, a limpeza e desinfección realizarase, como mínimo, á finalización da quenda de traballo. Será necesario incrementar esa frecuencia e realizala ante calquera sospeita ou servizo considerado de risco.
 - . A persoa que realice a limpeza utilizará luvas dun so uso e unha vez finalizada, quitarase as luvas tirándoas ao lixo. Posteriormente realizará una completa hixiene de mans.
 - . Para realizar a limpeza e desinfección, recoméndase o uso de auga e deterxente (nas zonas que sexa posible), complementado posteriormente polo uso de produtos desinfectantes que atopará en supermercados (*ver listaxe de produtos virucidas autorizados para uso polo público en xeral*¹).
 - . Usaranse trapos, panos ou similares que sexan desbotables.
 - . A limpeza-desinfección dos cintos de seguridade debe realizarse con consideración de que certos produtos poderían ser agresivos e deteriorar estes elementos xerando perda da súa capacidade de resistencia. En caso de dúbida, é recomendable consultar aos provedores ou mantenedores destes elementos de seguridade.

Estas medidas e recomendacións teñen carácter xeral e non exhaustivo e están suxeitas ás necesidades de actualización que fosen establecidas polas autoridades sanitarias correspondentes.

1 Listaxe de virucidas: https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf